



## **BASES DO CONCURSO “SALVADOR DAQUÍ” - Cartel Festa da Dorna - Sinjladura LXXI-**

### **DATA LÍMITE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS O 25 de MARSO**

#### **Primeira.- Partisipantes**

Poderá partisipar calquera que teña rasiolinio, nesesite respirar, moita imaxinación e janas de colaborar coa Festa da Dorna e, coma novidade, janar **catrosentos euriños**.

#### **Sejunda.- Tema a anunciar**

Será premisa moi importante non equivocarse na Festa que se pretende anunciar, indicando obrigatoriamente a sejinte información na proposta presentada, podendo quedar fora de concurso o non cumprimento deste sejundo punto.

- Festa da Dorna.
- Ribeira.
- LXXI Sinjladura.
- Ano 2019.

- Anunciar os días da Festa da maneira artística que vos pete. Comesa o vindeiro 18 de xullo e remate o día 24 de xullo.

- Indicar o día 11 de agosto como data de selebrasion do Baile de Jala.
- Indicar a denominación “Festa de interese turístico de Galicia dende o 2005”
- Débese incluír a flor dorneira e faser referencia á embarcación tradicional tipo dorna.

#### **Terseira.- Características técnicas**

A técnica será libre, ca obrigación de poder reproducilo en formato dixital e poder utilizar unha impresora para poder ser impreso. Non vale faser unha escultura en relieve tipo Dabí de Mijel Ángel, por moi grande que a teña.

#### **Cuarta.- Presentación**

As propostas aspirantes a carteis deberán ser presentados en formato dixital remetíndoos ao correo electrónico da Festa da Dorna **afestadadorna@gmail.com** ou por mensaxe privada polo feisbú ou instajram aos perfís da Festa. Deben estar en formatos JPG ou arquivo PDF nun tamaño proporsional de 50 por 70, en posición vertical ou horisontal, e cunha resolución mínima de 200 ppp (o non cumprimento desta resolución indicará que fixeches o traballo en balde, porque non valería nin para sonar os mocos)

**Quinta.- Data límite**

O prazo de presentación dos deseños aspirantes a cartel da LXXI Sinjladura rematará o vindeiro 25 de marzo do 2019 ás 23:59.

**Sexta.- Xurado e votación**

Serán os socios e sotas da Real e Ilustre os que fagan a criba entre os deseños presentados, valorando nunha enquisa todas as propostas. Sendo presentados en asemblea os que maior puntuación acaden. (VER SEXTA BIS)

Os deseños presentados serán expostos na páxina feisbú da Festa da Dorna a partir do día 26 de marzo, ata o medio día do día que se celebre a Asemblea de Peñas, e o deseño que máis "me justas" consijan no tempo exposto na rede social será o elixido en caso de empate na elección a man alsada entre as peñeiras e peñeiros presentes na asemblea.

**Sexta BIS.- Dereito do alto patronato sobre os deseños presentados**

En caso extremo de que poda chejar a elixirse un deseño que non se considere co nivel suficiente e sexa ben valorado por sotas e socios con domicilio en Puebla del Caramiñal, o alto patronato da Real da R. e I. Cofradía da Dorna reservase o dereito de levar a votación os deseños que considere máis adecuados para representar o cartel oficial da LXXI Sinjladura da Festa da Dorna.

**Séptima.- Premios**

O cartel finalmente seleccionado será o cartel que represente a LXXI Sinjladura da Festa da Dorna, e por si non fora suficiente a autora ou autor será ajrsiado con un premio de **400 euros**.

**Septuaxésimonovena**

A directiva da R.e I. Cofradía da Dorna poderá deixar o concurso nulo, no aire, na fochanca... se non se presentan deseños que se consideren que representan ou promocionan adecuadamente a Festa da Dorna. Tamén se reserva o dereito de poder modificar o deseño elixido se jún lle pete, sen que estas modificacións cambien en jran medida o deseño orixinal.

A partisipación no concurso significa a aseptación desta normativa.

Asinado

A directiva da Real e Ilustre Cofradía da Dorna.